



***RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CENTROS BENEFICIARIOS, NON BENEFICIARIOS E EXCLUÍDOS DAS AXUDAS A CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA DE INTERCAMBIO DE ALUMNADO COA RÉGION ACADÉMIQUE BRETAGNE CONVOCADAS POLA RESOLUCIÓN DO 14 DE XULLO DE 2022, DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA.***

A *Resolución do 14 de xullo de 2022*, da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, publicada no portal educativo o 18 xullo de 2022, regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa de intercambio de alumnado de centros educativos de Galicia e da *Région Académique Bretagne* durante o curso 2022/2023.

Unha vez rematada pola comisión a valoración das solicitudes recibidas dentro do prazo que se estipula na cláusula oitava da *Resolución do 14 de xullo de 2022* e, segundo o estipulado na cláusula décimo primeira da dita Resolución,

**RESOLVO**

*Primeiro-*. Publicar no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal> a proposta de resolución definitiva de centros beneficiarios, non beneficiarios e excluídos das axudas, que figuran no Anexo I.

*Segundo-*. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Judith Fernández Novoa

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

